



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



centro autonómico
de formación e innovación

GUÍA DO CURSO

FERRAMENTAS PARA A ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DE DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS DO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA



Índice

Descrición do curso.....	3
Persoas titoras.....	3
Obxectivos.....	3
Competencias profesionais docentes.....	3
Contidos.....	4
Correlación das competencias clave cos contidos do curso.....	4
Metodoloxía.....	6
Seguimento e desenvolvemento do curso.....	6
Comunicación coas persoas titoras.....	8
Avaliación.....	8
Avaliación das tarefas	9
Aplicación práctica nas aulas.....	9
Requirimentos para seguir o curso.....	9

Descrición do curso

Neste curso mostraráselle ao profesorado unha serie de recursos que poden utilizar nas súas clases para o desenvolvemento didáctico das materias de economía, xeografía e historia e matemáticas. Os recursos que se mostrarán permitiránlle traballar CON DATOS REAIS sobre o CONTORNO CERCANO e a realidade inmediata do estudante, intentado así evitar recorrer a datos irreais para realizar prácticas sobre os conceptos aprendidos.

Persoas titoras



Obxectivos

- ✓ Mostrarlle ao profesorado de matemáticas, economía e xeografía e historia ferramentas para a construción de táboas e gráficos estatísticos.
- ✓ Analizar e interpretar información estatística con datos reais sobre a contorna próxima e a realidade inmediata dos estudantes.
- ✓ Manexar representacións gráficas de información real a través do uso didáctico da folla de cálculo.
- ✓ Interpretar conceptos de estatística oficial usados habitualmente nos medios de comunicación

Competencias profesionais docentes.

- ✓ Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do alumno.
Refírese ao uso consciente por parte do profesorado das súas capacidades, habilidades, coñecementos e ferramentas para xerar e motivar procesos de aprendizaxe no alumnado.
 - Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin.
- ✓ Competente en TIC.
Refírese ao uso seguro e crítico das tecnoloxías da sociedade da información para o traballo, o lecer e a comunicación. Susténtase no uso da tecnoloxía para obter, avaliar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información, e comunicarse e participar en redes de colaboración a través de internet.
 - Software.

Contidos

Os contidos do curso están divididos en 5 módulos:

Módulo 1: Porcentaxes, taxas e variacións

Os contidos deste módulo van dende contidos teóricos de como se calcula unha porcentaxe, variación ou taxa, ata a aplicación destes conceptos teóricos aos datos de poboación de Galicia, salarios ou Produto Interior Bruto (PIB), etc.

Módulo 2: Recursos gráficos

Neste módulo mostraranse as distintas posibilidades de representación gráfica de datos que hai no portal educativo do IGE e ademais tamén se mostrará como facelas empregando a folla de cálculo.

Módulo 3: Pirámides de poboación

Neste módulo mostrarase como construír e interpretar pirámides tratando de identificar fenómenos demográficos, tales como o envellecemento da poboación, o equilibrio ou o desequilibrio entre sexos, etc. Faranse comparacións tanto interterritoriais coma temporais da estrutura da poboación por xénero e idade. Traballarase co portal educativo do IGE e coa folla de cálculo.

Módulo 4: O meu concello

Neste módulo mostrarase como facer unha caracterización do concello dos alumnos empregando as ferramentas e os contidos aprendidos nos módulos anteriores.

Módulo 5: Como facer a túa enquisa?

Neste módulo mostrarase como facer unha enquisa cos alumnos.

Correlación das competencias clave cos contidos do curso

A efectos do decreto, RD126/2014 as COMPETENCIAS CLAVE do currículo son:

- Comunicación lingüística CCL
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía CMCCT
- Competencia dixital CD
- Aprender a aprender CAA
- Competencias sociais e cívicas CSC
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor CSIEE
- Conciencia e expresións culturais CCEC

Os contidos que conforman o curso contribúen a alcanzar e desenvolver as competencias clave. Máis en concreto, este curso afonda no desenvolvemento da competencia matemática (CMCCT), en especial no referente ás seguintes dimensións:

- Habilidade para utilizar e relacionar os números e aplicar as súas operacións básicas á vida real.
- Habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións, nunha variedade de representacións e sacar as conclusións pertinentes.

Así mesmo, o traballo realizado ao longo deste curso incidirá no desenvolvemento da competencia dixital e de tratamento da información (CD), concretamente nas seguintes competencias:

- Competencia na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual, o que inclúe utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e de coñecemento.
- Competencia en utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación extraendo o seu máximo rendemento a partir da comprensión da natureza e modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e sociolaboral.
- Competencia en facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.

Metodoloxía

Planificar o estudo:

Resulta fundamental facer unha planificación do estudo antes de comezar a abordar os contidos. A planificación debe ser realista.

Organizar o tempo dispoñible:

A formación on line permite organizar o tempo de estudo en función da dispoñibilidade, de xeito que dá unha maior flexibilidade. Con todo, resulta imprescindible marcar uns tempos de traballo que se poidan cumprir.

Durante o curso:

Lembrar que a clave é ser constante no estudo. O esforzo e a continuidade son básicos para que se poidan conseguir todos os obxectivos de aprendizaxe propostos. Hai que ter presente que “distancia” non significa sen esforzo.

É preciso facer os exercicios autoavaliativos, os cuestionarios de avaliación e as tarefas obrigatorias. Isto permitirá, ademais, comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe.

Seguimento e desenvolvemento do curso.

O curso conta con **dúas sesións presenciais, de carácter obrigatorio**, que se farán ao comezo e ao final da actividade. Na primeira sesión contextualizarase os contidos e presentarase o portal educativo do IGE. Na última sesión farase unha posta en común dos traballos realizados durante o curso.

O lugar de celebración será no Centro Autónomo de Formación e Innovación (CAFI) en Santiago de Compostela coa posibilidade, segundo a distribución xeográfica dos participantes, de celebralas tamén noutras cidades de Galicia, nos Centros de Formación e Recursos (CFR).

Os cuestionarios e tarefas consisten en contestar, tras o seu estudo, unha serie de cuestións, co obxectivo de que se reflexione e se tente dar unha resposta fundada. O que conta é razoar, non acertar. É importante ler atentamente as instrucións antes de facelas e consultar cas titoras calquera dúbida.

Lembrar que as Tarefas deste curso son obrigatorias e, polo tanto, para poder superalo con éxito hai que facelas todas.

Hai que remitir a resposta aos cuestionarios e ás tarefas a través da propia plataforma, seguindo en cada caso as instrucións concretas.

Na táboa seguinte móstrase a temporalización do curso explicando o que hai que facer en cada módulo, as visualizacións, os cuestionarios de avaliación e as tarefas obrigatorias. Faise mención

ademais á apertura e peche dos diferentes módulos nas datas previstas aínda que con certa flexibilidade en función do contido de cada módulo

A forma de entrega das tarefas e os cuestionarios de avaliación coméntase na plataforma.

As sesións presenciais serán as seguintes:

27 de outubro de 2015: presentación do portal educativo do IGE

20 de xaneiro de 2016: presentación dunha selección de traballos realizados durante o curso

As sesións non presenciais terán a seguinte temporalización:

CADRO DE TEMPORALIZACIÓN DAS SESIÓNS NON PRESENCIAIS

Módulo 1 (6 horas)

Nº	Actividade	Datas
1	Presentación no foro	19 outubro - 24 outubro
1	Visualización do módulo	19 outubro - 1 novembro
2	Cuestionario de avaliación	19 outubro - 1 novembro
3	Tarefa obrigatoria	19 outubro - 1 novembro

Módulo 2 (7 horas)

Nº	Actividade	Datas
1	Visualización do módulo	2 novembro - 8 novembro
2	Cuestionario de avaliación	2 novembro - 15 novembro
3	Tarefa obrigatoria	2 novembro - 15 novembro

Módulo 3 (7 horas)

Nº	Actividade	Datas
1	Visualización do módulo	16 novembro - 22 novembro
2	Cuestionario de avaliación	16 novembro - 29 novembro
3	Tarefa obrigatoria	16 novembro - 29 novembro

Módulo 4 (7 horas)

Nº	Actividade	Datas
1	Visualización do módulo	30 novembro – 6 decembro
2	Cuestionario de avaliación	30 novembro – 13 decembro
3	Tarefa final obrigatoria	30 novembro – 13 decembro

Módulo 5 (7 horas)

Nº	Actividade	Datas
1	Visualización do módulo	14 decembro – 20 decembro
2	Tarefa final obrigatoria	14 decembro – 17 xaneiro

Comunicación coas persoas titoras


Cada vez que comeza un curso de formación a través de PLATEGA, unha das primeiras cousas que hai que facer é presentarse á comunidade de aprendizaxe. Para iso atoparás un Foro de presentación de participantes.



Esta primeira mensaxe servirá de presentación aos titores/as e ao resto da comunidade de aprendizaxe.

Existen varias opcións de comunicación cos titores/as:

- A través dos foros existentes en cada módulo. A comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as súas intervencións no foro.
- A través do sistema de mensaxería interna da plataforma. As mensaxes enviadas por este medio son privados entre cada persoa e o seu comunicante, xa sexa o titor ou calquera outro participante.



Avaliación

A finalidade do proceso de avaliación nesta acción formativa é a de "medir" os coñecementos e competencias adquiridas ao longo de todo o proceso formativo.

Para conseguir unha continuidade na avaliación e, en consecuencia, obter uns resultados que reflectan os verdadeiros coñecementos sobre a materia, é necesario realizar un seguimento da evolución da aprendizaxe en varios momentos:

- Ao inicio da acción formativa
- Durante o desenvolvemento da acción formativa
- Ao final da acción formativa

Para comprobar o nivel de capacitación adquirido en cada un destes momentos dispónse dunha serie de ferramentas distribuídas ao longo do curso:

Avaliación continua: acceso ao curso, estudo dos contidos online, realización e superación das actividades, cuestionarios on-line e tarefas obrigatorias.

Avaliación final: tarefa final (tarefa 5)

As tarefas teñen unha data límite para envalas. De todos os xeitos existe a posibilidade de recuperación de tarefas pendentes ou con avaliación non favorable.

Avaliación das tarefas

Seguindo a Orde de 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (DOG 22 maio de 2013):

- “ A avaliación dos participantes farase a partir dos traballos prácticos, as avaliacións parciais, a asistencia ás sesións presenciais se for o caso, que será obrigatoria, o informe dos titores e a avaliación final”.(Capítulo III, artigo 10, apartado d)
- “ Nas actividades de formación en rede será indispensable para obter a certificación a avaliación positiva do 80 % das tarefas propostas, así como a asistencia á totalidade das sesións presenciais, no caso de que as houbese”. (Capítulo V, artigo 23, apartado 5)

Na táboa seguinte recóllense todas as tarefas obrigatorias do curso e a cada unha delas asignóuselle un valor en %, segundo a súa dificultade e o tempo estimado para a súa realización. A suma total do valor de todas as tarefas obrigatorias é do 100% . Nesta táboa tamén está especificada a escala de valoración empregada que neste caso é Apto/Non Apto. Para superar o curso os valores asignados ás tarefas nas que o alumno/a tivo avaliación positiva deben sumar a lo menos o 80%.

Nome tarefa	% do valor	Especificación da escala utilizada
<i>Tarefa 1: Porcentaxes, taxas e variacións</i>	20%	<i>Escala Apto / Non apto</i>
<i>Tarefa 2: Representacións gráficas</i>	20%	<i>Escala Apto / Non apto</i>
<i>Tarefa 3: Pirámides de poboación</i>	20%	<i>Escala Apto / Non apto</i>
<i>Tarefa 4 : O meu concello</i>	20%	<i>Escala Apto / Non apto</i>
<i>Tarefa 5 (final): Como facer a túa enquisa</i>	20%	<i>Escala Apto / Non apto</i>

Aplicación práctica nas aulas

En cada módulo se explica a maneira de empregar o traballado dentro da aula, ben sexa propoñendo actividades que poden desenvolver os estudantes, ou ben permitindo elaborar materiais para o profesor na exposición dos contidos na aula.

Requirimentos para seguir o curso

Para o seguimento do curso é necesario conexión a internet, dispor dun procesador de textos e dunha folla de cálculo para facer os cálculos propostos.